

## RESOLUCIÓN

**Asunto:** Fixación de horarios para depositar o lixo nos contedores de proximidade (contedores dispostos nas rúas)

A presenza de acumulación de residuos nas rúas, tanto con simples restos de materia orgánica putrescible como con contido significativo da mesma, representa un risco para a salubridade pública, ao constituír un punto de atracción para animais, un foco de emisión de malos olores e un problema de ornato público.

Na prestación do servizo de recollida de residuos sólidos municipais, estase a detectar a presenza de acumulación destes residuos fora dos contedores, por un mal uso destes ao non depositar os residuos no seu interior, e a calquera hora do día o que se traduce en queixas por parte da veciñanza.

A fin de evitar os problemas que están a xerar estas condutas, resulta esencial delimitar os horarios de depósito das distintas fraccións de lixo por parte dos cidadáns en xeral e dos usuarios do servizo en particular, establecendo una franxa horaria que sexa compatible tanto cos medios de recollida do servizo como do uso e gozo dos cidadáns dos espazos públicos onde se sitúan os contedores. O respecto de estas franxas horarias faise especialmente importante nas fraccións que conteñan materia orgánica ou poidan lixiviar, e na época estival deben, ademais, evitarse as horas de maior insolación e temperatura. Tamén resulta necesario establecer como obrigatorias certas condutas mínimas de civismos relacionada coa forma de depositar o lixo.

A Ordenanza Reguladora do Servizo de Intermunicipal de recollida de residuos sólidos urbanos (BOP núm. 3 de 4 de xaneiro de 2018) establece como unha das obrigas dos cidadáns a de cumprir cos horarios de depósito e entrega de residuos (artigos 5, 11, 36.3 da Ordenanza) tipificando como infracción leve o seu incumprimento (artigo 40.d) da Ordenanza)

O artigo 26 da Ordenanza establece que a Deputación fará pública, entre outras, as condicións de prestación do servizo e, en especial, ás relativas aos horarios de depósito e recollida das diferentes fraccións de residuos así como as condicións nas que deban realizarse.

A competencia para a fixación destas condicións correspóndelle á Deputación Provincial de Ourense, en virtude da delegación conferida polos concello mediante o Convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, no servizo de recollida de residuos sólidos urbanos nos municipios que se adhiran (BOP núm. 3 do 4 de xaneiro de 2013).

De acordo co previsto no artigo 34.1.d) e o) da LRBRL e o Decreto de Delegación núm. 2019/4011, de 11 de xullo (BOP núm. 164 de 18 de xullo de 2019) correspóndelle ao Deputado Delegado da área de Cooperación a competencia para a resolución deste expediente. A delegación inclúe a facultade de ditar actos administrativos con efectos fronte a terceiros e estende os seus efectos a facultade de resolución dos recursos ou reclamacións que se interpoñan en vía administrativa.

Polo exposto, DISPOÑO:

1. Establécense as seguintes franxas horarias para o depósito dos residuos no interior dos contedores:
  - a. As fraccións de papel –cartón, vidro e envases lixeiros (baleiros) poderán depositarse en calquera horario, sempre que quede dentro do contedor. Si non existira contedor alternativo, deberá esperarse á seguinte recollida.
  - b. A fracción resto, polo seu contido de materia orgánica e restos de líquidos, non poderán depositarse, nunca, antes das 20.00 horas nin despois das 3.00 tódolos días do ano.
2. O lixo débese depositar no interior dos contedores, nunca fora nin enriba de eles, dirixíndose ao contedor máis próximo si o que se vai a usar se encontra cheo. Utilizaranse sempre bolsas pechadas e pregando ou desfacendo os obxectos voluminosos (como caixas de cartón), minimizando así as molestias ao resto de usuarios.
3. Os envases (lixeiros e os de vidro) depositaranse sempre baleiros de líquido.

Así o dispón e o asina o Deputado Delegado da Área de Cooperación, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

